

A crise da automoción e as axudas públicas

Eduardo L. Giménez Fernández (*)

O autor pregúntase se os despedidos anunciados por PSA en todo o mundo son de plantilla que en realidade sobra tras anos de boom. Tamén se o anuncio é un reclamo ós gobernos e plantexa medidas, como a rebaixa de impostos.

A crise no sector financeiro da economía está afectando particularmente aos sectores produtivos da construción e da automoción.

O pasado día 11 de febreiro, o grupo PSA anunciaba unha redución de 11.000 postos de traballo nas súas factorías entre 2009 e 2010 pola baixada da demanda. A respecto deste anuncio cabe plantexarse varias cuestións.

En primeiro lugar, cómo vai a afectar á factoría de Vigo. PSA tiña 207.850 efectivos en todo el mundo en 2007. Cantos dos 11.000 despedidos van a ser galegos? Ao longo das próximas semanas e meses iremos

coñecendo os plans da compañía. Sen embargo, as declaracións do ministro de Industria, Miguel Sebastián, referentes a que a factoría de Vigo é unha das máis produtivas do grupo, alén de producir modelos en exclusiva, pode levarnos a certo optimismo.

En segundo lugar, cabe preguntarse se os traballadores que se van despedir nas factorías do grupo PSA nestes dous próximos anos son os que en realidade sobran, logo que a demanda de automóviles caeu.

Explícome cun exemplo: un restaurante ten un grupo de traballadores contratados fixos (o cocinheiro e uns camareiros), os cales son os que coñecen o bo facer e dan fama ao restaurante pola calidade do servizo e das comidas. Na época estival ou na época de vodas (primaveira e verán) a plantilla de camareiros precisa incrementarse para satisfacer a demanda. Finalizado este período, o dono do restaurante rescinde o contrato aos camareiros... porque sobran, pois a demanda de comidas e ceas é menor en outono e inverno. Os que permanecen no seu posto de traballo son o cocinheiro e os camareiros que coñecen o oficio e permiten que o restaurante siga a funcionar con calidade. Análogamente, non será que as plantillas

das factorías PSA están actualmente sobredimensionadas porque ao longo destes anos de boom de vendas as fábricas de automóviles estiveron contratando a máis persoal e producindo en varios turnos? Se fora así, o grupo PSA quedaría despois do recorte co grupo de traballadores que coñecen a empresa e permiten seguir producindo con calidade. Cae a demanda, e para non

"Se se deixa de producir porque diminúe a demanda, non sería mellor unha rebaixa durante 1 ano no IVA ou impostos vencellados á compra de automóviles? Esta medida incentivaría a adquisición de coches"

incurrir en perdas diminúen o número de traballadores. Se fose así, non parecería preocupante alén dos dramas persoais dos traballadores que se quedan sen emprego... mais análogamente aos camareiros que perden o traballo no restaurante ao chegar outono.

O que si debería ser preocupante sería que se pechara o restaurante: que esos 11.000 postos de traballo foran os que pecharan unha empresa do grupo. Eso significaría que as expectativas de PSA de futuro son moi malas e, por ende, as de toda a economía.

En terceiro lugar, cabe preguntarse se este anuncio conleña un (novo) reclamo aos gobernos europeos de novos paquetes de axuda ao sector

automovilístico. Isto plantexa dúas novas cuestións: unha de eficacia de políticas e a outra de coordinación.

Primeiro, soltar diñeiro público a estas empresas, é o mellor xeito de apoiar ao sector automovilístico? Se se deixa de producir porque diminúe a demanda, non sería mellor unha rebaixa durante 1 ano no IVA (por exemplo, a cerca do 0%) ou impostos vencellados á compra de automóviles? Esta medida incentivaría a adquisición de coches durante 1 ano, en lugar de apuntalar artificialmente ao sector.

Retornemos ao exemplo do sector de restauración: ante o anuncio dos donos dos restaurantes que chegado outubro van despedir a parte da plantilla de camareiros, o goberno debería soltar diñeiro aos restaurantes para que non os despediran? En lugar de dilapidar o diñeiro que pagamos nos impostos en financiar a restaurantes sobre-dimensionados, non sería mellor que o goberno rebaxara os impostos das comidas por exemplo o IVA, se é que efectivamente está preocupado por este sector? Daquela o incremento da demanda de comidas apoiaría aos restaurantes bos, e non a aqueles restaurantes malos e sobredimensionados.

Finalmente, o que está amosando esta crise económica é o penoso espectáculo de mala coordinación de políticas

entre os estados da Unión Europea, onde cada goberno presenta paquetes de rescate (como por exemplo para o sector de automoción), nun salvemos o noso. Se a Unión Europea aspira a ser como proxecto común político, económico e social, este cemiterio de elefantes políticos ben pagados debería dinamizarse e adiantarse facendo propostas imaxinativas que beneficien a todos os membros do club. Por certo, unha de elas é permitir que os gobernos batxen o IVA ao 0% durante 1 ano.

(*) Eduardo L. Giménez Fernández pertence ó Dpto. De Fundamentos da Análise Económica, e Historia e Institucións Económicas e rede (research group in economics, Business and the environment) Universidade de Vigo.

